

LIBRO DE ESTILO

2020



**OBSERVATORIO CIUDADÁN
DE COMUNICACIÓN**

ÍNDICE

Imaxe corporativa	4
Normas deontolóxicas	5
Responsabilidades.....	5
Pautas e consellos	6
Criterios ortográficos.....	6
Puntuacións.....	6
Abreviacións.....	6
Números	7
Estilos tipográficos	7
Estrutura	7
Linguaxe e ton	8
O Observatorio	10
Requisitos de publicación	10
Texto	10
Vídeos	11
Medios de traballo.....	12
Vertebración: categorías e etiquetas	13
Autoría	13
Propia	13
Allea.....	14

Comentarios	14
Criterios de edición.....	15
Sección de destacados	15
Contactos	16

Imaxe corporativa

Como observatorio, a unidade debe ser crucial tanto a nivel de contido coma de forma. Por esa mesma razón é preciso seguir unha uniformidade no tratamento da estética e da forma de todo o que se publica.

Logotipo



Convertindo a “o” nun planeta, facemos referencia aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), xa que os países traballan polo seu cumprimento de maneira global. Tamén para reflectir a sensación de traballo en comunidade, que é a característica principal do Observatorio Ciudadán de Comunicación. As cores son o morado #261867 e o marrón alaranxado #8e4019.

Fontes

- Para o **corpo**: “Parágrafo”.
- Para a **atribución de fontes en pés de foto**: “Tamaño 6”
- Para elementos vertebradores (ladiños): “Tamaño 4”.

Normas deontolóxicas

A produción dos grupos debe estar orientada a cumprir con certos criterios da materia:

- Adquirir un coñecemento da traxectoria da Comunicación Interpersoal e da Comunicación Comunitaria a partir do marco do xornalismo actual.
- Desenvolver o Observatorio Cidadán de Comunicación desde unha perspectiva de medio para as aprendizaxes, tanto do alumno, como da cidadanía.
- Manter unha postura crítica perante os medios dominantes e responsábeis do tratamento de determinados grupos sociais e temas minoritarios, desde a ecuanimidade e o razoamento.
- Fornecer as competencias relacionais e comunitarias a través do diálogo social.
- Fornecer o tratamento da información desde un punto de vista ético, que favoreza a crítica e a difusión.
- Orientar o traballo cara un xornalismo en construción, que empregue modelos de produción alternativos.

Responsabilidades

As e os responsábeis das diferentes funcións do grupo teñen a potestade á hora de tomar as decisións finais, previamente debatidas entre os membros.

O traballo dos membros remitirase cada dúas semanas na forma dun informe a cargo do coordinador.

As coordinadoras levarán a cabo unha análise do funcionamento da aula mediante a convocatoria de reunións intergrupais.

Pautas e consellos

Obviando as normas xerais ortográficas que todos os autores deben coñecer e cumprir, especificamos a continuación algunhas recomendacións e criterios preferentes.

Criteria ortográficos

Puntuación

- Non engadir un punto ao final do título dunha entrada
- Non empregar comas entre suxeito e verbo. *Ex.: “A cidadanía, non emprega unha linguaxe inclusiva”.*
- Non abusar de comas innecesarias, sobre todo en declaracións.
- Despois de coma, punto ou punto e coma vai un espazo sempre.
- Cando escribimos unha declaración entre aspas ao final da frase, só se pon un punto: fóra das comiñas. *Ex.: A muller explicou que “na sociedade actual hai unha gran falta de visibilidade”.*

Abreviacións

Pese a que a tendencia debe ser limitar o seu uso, hai casos nos que irremediabilmente teremos que empregar algún dos tipos de abreviacións: iniciais, siglas, acrónimos, diminutivos, apócopes e abreviaturas.

As **abreviaturas** non se poden usar nunca, agás no caso de facer alusión a entidades coñecidas (FC Barcelona, García SA) ou ser necesarias para unha infografía ou un mapa. Sempre coa primeira letra maiúscula e con acento de ser preciso.

No caso das **iniciais**, o seu uso restrínxese ao da **firma** ou ao **nome común** de personalidades que habitualmente aparecen así referidas (J. K. Rowling ou Xabier P. Docampo) e aos casos nos que a identidade dunha persoa deba permanecer no **anonimato** (delitos con menores involucrados ou violacións).

Os **símbolos** non son usuais nin recomendábeis; con todo, hai que saber que nunca

levan punto.

Canto ás organizacións que se poden nomear mediante **siglas** é preciso escribilas co nome enteiro a primeira vez que aparecen no texto coas súas siglas correspondentes entre parénteses. Hai siglas nas que isto non é necesario, coma ONG, ONU ou SIDA. *Ex.: Organización Mundial da Saúde (OMS)*. Escribíranse en minúsculas os **acrónimos** (Unesco).

Números

- Do un ao nove escíbese a palabra, mais do dez en diante podemos escribir o número.
- É recomendable empregar palabras para cifras redondas. *Ex.: 12 > ducia; 1.000.000 > un millón.*
- Combinar cifras e palabras é útil. *Ex.: 105 millóns.*
- Para escribir os díxitos de tres en tres empregaremos un espacio e para os decimais, unha coma. *Ex: 849 203,01*

Estilos tipográficos

Non hai que ter medo a empregar a negriña, a cursiva e o subliñado cando se crea necesario. Os estilos tipográficos permiten salientar conceptos chave ou indicar titulares e destacados. Con todo, non é bo abusar da negriña no texto informativo e, menos aínda, aplícala sen criterio algún. O subliñado recoméndase para obras de autor, como libros e filmes, mentres que a cursiva é útil para destacar palabras de uso vulgar ou incorreccións que aparecen nunha declaración dunha testemuña e palabras de orixe estranxeiro.

Estrutura

O **parágrafo** é a unidade básica de estruturación do texto, polo que é transcendental o seu correcto uso. Marca as distintas partes das que consta un tema, facendo distinción entre a introdución, o desenvolvemento (coas distintas posturas separadas), as conclusións, o resumo ou calquera outro apartado que se redacte.

O recomendable, seguindo os libros de estilo xornalístico, é construír parágrafos dun máximo de **catro ou cinco frases de 100 palabras ou de 20 liñas**.

Recomendacións sobre os parágrafos

- ✓ **Equilibrio na extensión.** Non é correcto mesturar parágrafos moi longos e moi curtos.
- ✓ **Unidade significativa.** As ideas que deben ir xuntas coexisten no mesmo parágrafo, mentres que as ideas diferentes van separadas.
- ✓ **Evitar os parágrafos-frase.** Non ten sentido facer un parágrafo formado por unha única frase, por moi longa e enrevirada que sexa.

De cara a estruturación do texto, existen elementos que nos poden axudar a ordenar as ideas e facer máis atractiva a composición da peza. Entre eles salientamos os **ladiños**, os **destacados** e as **infografías**. Sobre estas últimas, cómpre manter a estética do blog á hora de deseñar unha peza infográfica complementaria. En caso de dúbida respecto a esta unidade estética é aconsellable contactar cos editores de seminario.

Linguaxe e ton

A lingua vehicular nas publicacións será obrigatoriamente o **galego**, a excepción daquelas realizadas por persoas alleas á materia doutros países, as cales han ser traducidas para a súa publicación por parte da editora do grupo de traballo.

As expresións escollidas deben ser respectuosas con tódolos colectivos.

Aconséllase encarecidamente o emprego da **linguaxe inclusiva**, é dicir, substituír palabras que conteñen unha marca por razón de xénero ou que manifesten un estigma social. *Ex.: Os cidadáns > A cidadanía*. Seguirase a Guía de Linguaxe Inclusiva, elaborada polos alumnos de Xornalismo da USC das promocións do 2017-2021 e do 2018-2022. [Está dispoñible na páxina web do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.](#)

Aconséllase non utilizar **formas de plural** non contempladas na normativa do galego como *amig@s* ou *amigxs*, sendo preferentes as estándar en ambos xéneros se é preciso: *amigas* e *amigos*.

Sobre as palabras de orixe estranxeiro (incluíndo préstamos e **neoloxismos**), é preferible escribir a **forma en galego** correspondente. Con todo, se o termo garda matices intraducibles podemos optar por poñelo en cursiva e indicar o significado entre paréntese ou nunha nota a pé de páxina. *Ex.: Bullying > acoso escolar*

Sobreenténdese que os comentarios con matices (voluntarios ou involuntarios) de **carácter discriminatorio** están prohibidos. No blog non ten cabida ningún tipo de denotación nin connotación homófoba, xenófoba, misóxina, violenta ou calquera expresión que irradie odio ou desprezo cara persoas ou os colectivos vulnerables.

A redacción debe ser rigorosa, **crítica** e seria. Aínda que é certo que é necesaria a interpretación dos feitos, dos axentes involucrados e das súas consecuencias, a opinión persoal non pode aparecer en ningunha parte do texto.

O Observatorio

Requisitos de publicación

A continuación desenvolveranse todos os aspectos relacionados coa publicación dos posts no observatorio. É importante cumprir con estes puntos, imprescindibles para que exista coherencia formal no blog.

Texto

- **Autoría.** Todas as entradas do blog deben ir precedidas dos apelidos en negriña do autor ou autora. Se se trata dunha entrada elaborada colectivamente polo grupo, a firma debe ser do estilo: S1A, S1B... (nº de seminario e letra do grupo que corresponda). Deste xeito, a autoría das publicacións quedará identificada de xeito claro.
- A **lonxitude** dos artigos individuais non poden superar as 1000 palabras no caso dos membros do observatorio (alumnas e alumnos), no caso dos traballos grupais até 1600. No caso dos colaboradores admitiríase até 1000 palabras.
- Todos os textos deben estar **xustificados**. Deben cumprir tamén as **normas tipográficas** acordadas pola Coordinación de Edición (Isaac Cruz, Melanie Fernández e Daniel Portela).
- O texto do primeiro parágrafo non debería ser superior ás seis liñas (no interior do editor), polo que deberemos insertar a etiqueta "**ler máis**" unha vez superada esta extensión.
- Todas as entradas deberían levar, polo menos, unha **imaxe**, polo que é recomendable tomar fotos co teléfono móbil das actividades que se fagan. En caso de non dispoñer de fotografías, pódese utilizar calquera imaxe de recursos axeitada ao tema que se vai tratar. Ter en conta o tamaño e a calidade. As imaxes de recurso empregadas teñen que estar libres de dereitos de propiedade; de seren autorizadas, deben levar o nome da súa autora no pé de foto.

Para que unha imaxe aparezca na miniatura do *post* e, ao acceder a el, encabece a entrada, deben seguirse os seguintes pasos: na edición da entrada pode despregarse unha barra lateral na dereita pulsando na icona do engranaxe; alí, hai

unha opción de incluír unha imaxe destacada, onde basta con subir a imaxe que desexemos.

- As coordinadoras e coordinadores de grupo de Comunicación Interpersoal e Comunitaria dispoñen dos **permisos necesarios para publicar** entradas e administrar o blog. En caso de que non sexa así, deben poñerse en contacto coa súa coordinadora para solicitar autorización.
- É **obligatorio** que os textos inclúan **tres ligazóns como mínimo**, a outras páxinas que sirvan para ampliar a información. Débese comprobar que estes inclúan un **enlace vivo** (é dicir, que conduza a unha páxina existente), e sobre todo, que son incluídos mediante a ferramenta "Link" (**non copiar e pegar a ligazón**). Ademais, debe activarse a opción de abrir a páxina noutra pestaña para que o lector ou lectora non abandone o noso blog.
- Cada grupo debe dispoñer dunha **planificación** para a publicación de contidos no blog, de xeito que as actualizacións deben distribuírse ao longo do tempo (unha por semana ou o que corresponda) e non concentrarse nos últimos días previos á avaliación. Na parte inferior do blog, existe un calendario que permitirá consultar as entradas que se publicaron por día.
- Recoméndase almacenar todos os contidos nunha **plataforma alternativa** para evitar a perda dos mesmos no suposto de problemas con Wordpress. Tamén para o seu uso de comprobación e referencia na Memoria final Individual e de Grupo.

Vídeos

A **duración** dos vídeos non poden exceder os cinco minutos. Non será obrigatorio que os grupos empreguen este formato para o seu traballo, pero si que se ofrece a posibilidade de complementar o contido escrito do blog con material audiovisual. Por exemplo, un vídeo sobre a actividade que cada grupo leve a cabo podería ilustrar o *post* que escriban.

Ademais, cómpre ter en conta o seguinte:

- ✓ Os vídeos incrustados deben estar ceibos de dereitos de propiedade ou citar aos autores expresamente mediante crédito inicial editado.
- ✓ Débese vixiar que e a quen se grava, aténdose ás leis vixentes, por exemplo, a de publicacións de menores. Neste caso admítense pixelar ou velar o rostro dos menores en edición.

Todos deben contar con estes elementos básicos:

- **Cabeceira de entrada predefinida.**
- Uso dos **rótulos** estipulados polo equipo de Edición para fontes e lugares.
- **Cabeceira de peche predefinida.**

Ao final deben aparecer en créditos os integrantes e as fontes que aparecen na peza audiovisual ben identificadas. Poñer en agradecementos as asociacións e colectivos que participaron no vídeo.

Recoméndase que os vídeos teñan unha resolución de 1280x720 ou 1920x1080, pero se os medios técnicos non o permiten, aceptaranse resolucións inferiores **mantendo sempre unha calidade aceptable** e nunca por debaixo de 854x480.

En caso de dúbidas sobre a edición dos vídeos, é aconsellable contactar cos editores coordinadores de seminario.

Medios de traballo

Esta materia non conta co instrumental técnico da facultade, agás no caso das alumnas de Dobre Grado. O uso do material, porén, debe ser previsto e solicitado ao profesor unha semana antes do emprego dos materiais. As alumnas poden utilizar material propio, gardando os maiores requisitos técnicos e de estilo informativo posibles.

Os **vídeos** deben ter unha calidade óptima. Para isto débense empregar ben cámaras **réflex** ou dispositivos **móviles** que graven vídeos en alta definición.

As **imaxes** empregadas nos *posts* deben cumprir cuns estándares de calidade mínimos, polo que non poden estar pixeladas. Debemos ter especial coidado coas **infografías** ou **gráficos**, xa que poden incluír texto e este ten que poder lerse.

O **son** debe ser tamén de calidade, polo que o uso de gravadora é obrigado, preferiblemente Tascam. Para esta última necesítase un micro de man, dispoñible na Facultade para as alumnas e os alumnos.

A **montaxe** realizarase cun editor de vídeo, para insertar o modelo predefinido coas cabeceiras e os rótulos do Observatorio segundo as pautas dos coordinadores e coordinadoras. É importante manter unha estética común en tódolos vídeos da canle de YouTube, que, ao mesmo tempo, estea acorde coa estética do blog.

As **voces en off** pódense gravar nun estudo de radio da Facultade, para obter mellor calidade.

Vertebración: categorías e etiquetas

Cada entrada de texto ou post debe ser completado con categorías e etiquetas que faciliten o seu arquivo e clasificación. As **etiquetas** dependerán dos temas tratados en cada unha das entradas, polo que a escolla será libre e caerá en mans dos membros de cada grupo. En cambio, para as **categorías** cada grupo deberá empregar a asignada a continuación:

Equipo de Coordinación: COORD

Seminario 1

- S1A POBREZA Grupo A - Fin da pobreza
- S1B XÉNERO E EDUCACIÓN Grupo B - Igualdade de xénero
- S1C EDUCACIÓN Grupo C - Educación de calidade
- S1D CONSUMO Grupo D - Produción e consumo responsables
- S1E TRABALLO Grupo E - Traballo decente e crecemento económico

Seminario 2

- S2A XÉNERO E COMUNICACIÓN Grupo A - Igualdade de xénero
- S2B SAÚDE E ALIMENTACIÓN Grupo B - Saúde e benestar
- S2C FAME Grupo C - Fame cero
- S2D DESIGUALDADES Grupo D - Redución das desigualdades

Seminario 3

- S3A ENERXÍA Grupo A - Enerxías asequibles e non contaminantes
- S3B CLIMA Grupo B - Acción polo clima
- S3C SAÚDE NA TERCEIRA IDADE Grupo C - Saúde e benestar
- S3D VIDA SUBMARINA Grupo D - Vida submarina

Autoría

Propia

O blog conta cun **pequeno espazo de autoría**. Isto conleva unha principal vantaxe: a facilidade para seguir as publicacións dun mesmo tema, xa que as entradas serán publicadas pola coordinadora ou coordinador de cada grupo no nome do mesmo.

Para que isto poida ser, é necesario ter unha conta en Wordpress e un perfil que teña descrición. No caso contrario, o autor aparecerá en pequeno sen relevancia á esquerda do texto, mentres que se dispoñemos dunha breve descrición (a gusto da alumna ou alumno) poderemos ter o noso pequeno espazo de recoñecemento.

Allea

Moi posiblemente, unha parte dos contidos que se suban non serán da nosa propiedade. É imprescindible, pois, que **todas as imaxes, vídeos ou pezas musicais** que se publiquen e que non pertenzan ao autor **deben contar con atribución**. Procurar que os pés de foto estean nunha fonte de tamaño menor á do corpo e que non dificulten a lectura ou distraian ao lector.

En canto ás citas ou referencias bibliográficas de documentos (libros, páxinas web, filmes, etc), empregaranse as normas APA (<https://www.ucentral.edu.co/sites/default/files/inline-files/guia-normas-apa-7-ed-2019-11-6.pdf>) para identificar facilmente a autoría do material empregado. Lembrar que, no caso de que non estean correctamente identificadas, poderíase estar incorrendo nun delito de plaxio.

Recoméndase a gravación ou recompilación en documentos dos materiais como forma de garantía á hora de publicar.

Comentarios

Os membros dos Grupos de Traballo poderán realizar até 6 comentarios. Neles deben analizar o contido do post da súa compañeira ou compañeiro dun xeito crítico e informado, facendo referencias e achegas mediante **hipervínculos**. A extensión é libre, pero convén facer pezas de máis de oito liñas onde se **interactúe co autor** (facendo preguntas, aportando novos enfoques, esixindo algún dato concreto...).

Convén que se vaian facendo ao longo do curso e non deixalos para o final. É totalmente lícito que entre grupos se comenten de xeito “pactado”, aínda que se debería aspirar a conseguir o máximo de comentarios posibles. Un xeito é compartindo os seus posts en **redes sociais** (colaborando así á difusión do OCC) e creando material de calidade para aparecer na **sección de destacados** da cabeceira.

Os comentarios con matices están prohibidos. *Ex: Non me gustou a entrada.* A redacción do comentario debe ser crítica e rigorosa, de forma que se exprese mediante

argumentos a opinión da persoa que está a comentar no *post*.

É preceptivo responder aos comentarios remitidos ás publicacións dos grupos. Os comentarios serán validos para a súa avaliación cando haxa dúas **quendas de pregunta- resposta** (p+r+p+r) de cada comentario recibido por cada interlocutor diferente.

Criterios de edición

O deseño implantado no Observatorio Cidadán de Comunicación aposta por unha presentación máis clara, accesible e estruturada. Baixo o logotipo e o cinto coas categorías e as opcións de navegación, cinco artigos sobresairán encaixando as súas imaxes de portada en forma de mosaico.

Sección de destacados

Cando alamos de sección de destacados, referímonos aos *posts* que encabezan o blog do OCC e, polo tanto, gozan dunha maior visibilidade. Os artigos destacados serán escollidos polos **coordinadores de Edición** (Isaac Cruz, Melanie Martínez e Daniel Portela). A actualización desta sección realizarase de forma semanal, e intentarase que a escolla sexa plural, é dicir, destacar polo menos unha entrada de cada grupo de traballo. Pese a todo, haberá certos **factores** que condicionarán as decisións de maneira que sexan o máis xustas e obxectivas posibles:

FACTORES	
Extensión	Óptimo: 1000 individual, 1600 grupal
Estilo	Ritmo, concisión, palabras axeitadas
Estrutura	Empregar de ladiños e destacados
Hiperligazóns	Cantos máis enlaces, mellor
Riqueza visual	Incluír fotos e vídeos de calidade
Complementos	Ladiños, infografías, despeces...
Contexto	Presentar, a poder ser, tres actores sociais
Base argumental	Todo enunciado acompañado do seu argumento
Crítica	Vulneración de colectivos nos medios
Acción emprendida	Deixar entrever o progreso na acción
Materia	Introducir conceptos da materia

Contactos

Titor Martínez Hermida, Marcelo correocic.2020@gmail.com

Coordinador do Blog López Rodríguez, Gabriel glopezrodriguez353@gmail.com

Coordinadora do Sem. 1 Lino Vilariño, Silvia Salomé silvia.lino.vi@gmail.com

Coordinador de Edición do Sem. 1 Cruz Herrero, Isaac isaaccruzherrero@gmail.com

Coordinadora do Sem. 2 Fontao Saavedra, Amara amarinnha@gmail.com

Coordinadora de Edición do Sem. 2 Fernández Martínez, Melanie melafermar@yahoo.es

Coordinador do Sem. 3 López Agras, Antón Lucas anton.lucas.palustro2@gmail.com

Coordinador de Edición do Sem. 3 Portela Otero, Daniel daniporteote@gmail.com